

Madurez expresiva

Con frechas certas



ROMÁN RAÑA

Tño para min que *Presenzas marcadas* é o máis profundo, o máis maduro libro de Antonio García Teixeiro (Vigo, 1952). Desde o seu primeiro poemario até o último, o noso escritor transitou polo difícil camiño da poesía durante máis de vinte anos. O lector ten ante si o froito máis acabado dese camiño. En primeiro lugar, porque a voz do astista alcanzou madurez expresiva en poemas breves, mais dunha densa porosidade interior; en segundo lugar, porque os temas tratados convértense en nítidos retratos da súa realidade íntima.

As composicións non aparecen tituladas, mais ao acabarmos a lectura, intuimos deseguida a quen están dedicados. Así: “E chegaron eles/e fomos contando en silencio/as razóns das súas vidas”, levaría por título “Fillos”. Ou, despois de nos pintar amargas tormentas: “Sempre estiveron aí,/coas súas mans cálidas,/os sorrisos sinceros/e os ollos limpos/e serenos”. “Os amigos” sería a referencia que lle correspondería.

Chama a atención a inquebrantábel sinceridade dos versos, que se perciben como frechas certas ás veces en finais inesperados: “Alguén se presentou/ no medio do estupor/e xuntos decidistes/buscar unha saída”. Mais tamén a clara magnitude dos afectos, que se expresan sen circunloquios, con frescura: “Ferín o calendario/e o tempo deixou/de chamarnos por teléfono”. Mesmo despunta a ironía nesta magnífica definición: “Distancia: paréntese incrustada no tecido da irrealidade que vai de ti ás miñas lembranzas (E viceversa)”. Seguindo esta vía, o poeta chega á inspiración que produce versos como estes: “O aire limita co aire/e a infelicidade/cos naufraxios”. Como un deus fatigado, o poeta deita nos seus versos vellas emocións, abre o seu peito á dita e á decepción, define con portentosa familiaridade o seus estados de alma. Chega, mesmo, a formular sentenzas que nos conmoven porque son resumos dunha vida, colofón dun poemario: “O amor é coma tempo irreversible/que eclipsa os rumbos do pasado”.

O libro complétase con fermosas ilustracións de Xulio García Rivas e un atinado prólogo de Armando Requeixo.